

CHIBOS CHIBÓNS

Adaptación de OLALLA GONZÁLEZ

Ilustracións de FEDERICO FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

- PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)
- PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2007
- PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia) - 2012

Chibos chibóns (galego)

ISBN 978-84-8464-617-4. Os contos do trasno.

Chivos chivones (castelán)

ISBN 978-84-96388-55-0. Cuentos tradicionales.

Chivos chivones (castelán)

ISBN 978-84-96388-22-2. Makakiños.

Antxume bizardunak (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-820-6. Herri ipuinak.

Chivos sabichões (portugués)

ISBN 978-972-8781-85-9. Contos tradicionais.

Capretti caproni (italiano)

ISBN 978-88-95933-04-7. I racconti tradizionali.

The three billy goats (inglés)

ISBN 978-84-92608-39-3. Books for dreaming.

Había unha vez tres chibos que vivían no alto dunha montaña:


o chibo chibón pequeno, o chibo chibón mediano

e o chibo chibón grande...

Un día viron unha herba moi verde que crecía no outro lado do río. Pero para chegar aló había que cruzar unha ponte e debaixo dela vivía un ogro terrible que non deixaba pasar a ninguén. Así pois, o chibo pequeno, o chibo mediano e o chibo grande tiveron que argallar o xeito de burlar o monstro. Unha historia que demostra que a intelixencia e o enxeño poden máis que a forza física.

Olalla González adaptou para os primeiros lectores este conto popular europeo, cunha versión especialmente creada para ser contada. En “Chibos chibóns”, os cativos atoparán un xogo de tamaños, números e sons, que tamén se traduce nun xogo tipográfico a través das páxinas do libro. Federico Fernández achégalle á historia grandes doses de humor, creando personaxes dotados de moita expresividade nos seus xestos e actitudes.

Existe outra versión deste álbum adaptada ao sistema de pictogramas na colección Makakiños de KALANDRAKA, destinada a persoas con necesidades de apoio educativo.



■ **Temática:** a astucia fronte á forza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** dispoñible na colección Makakiños para persoas con necesidades de apoio educativo; da autora de “Un máis” e “Garavanciño”; do ilustrador de “Onde perdeu Lúa a risa?” e “Aurelio”, e autor de “Balea”; xogo de tamaños, formas e sons; diferenzas entre pequeno, mediano e grande; distancias.

Olalla González

(Marín, 1977)

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Primaria. Especialista en animación á lectura, é mestra, narradora e imparte obradoiros de plástica e de literatura. Traballou na librería Libros para Soñar, no departamento de edición de Kalandraka, e coordinou o espazo LoboCoxo en Bueu. Tamén adaptou o conto tradicional “Garavanciño” (KALANDRAKA).

Federico Fernández

(Vigo, 1972)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na especialidade de Pintura. Entre outros galardóns, recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 2001 por “Onde perdeu Lúa a risa?”, publicado por KALANDRAKA. Na mesma editorial tamén ilustrou “Balea” e “Aurelio”, ademais de participar na obra colectiva “Miguel Hernández, 25 poemas ilustrados” (3º Premio Nacional de Edición-Libro de Arte). É un dos promotores do espazo artístico El Halcón Milenario (Vigo). Actualmente é profesor na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
<http://doctorfredy.blogspot.com.es>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

